

O FEUDALISMO

I. SEGUNDAS INVASIÓNS

No século IX e X, Europa sofre as invasións musulmás, viquingas e húngaras.

MAXIARES → pobos nómades das estepas de Asia. Fixeron incursións no Sacro Imperio Romano Xermánico e norte de Italia. Ao ser derrotados por Otón I, cristianízanse e forma o REINO DE HUNGRÍA.

SARRACENOS → musulmáns asentados no norte de África. Piratas que realizaban saqueos nas costas do sur de Europa

VIQUINGOS → Procedían de Escandinavia. Realizaban expedicións de saqueo polas illas británicas, costas francesas, hispanas e mediterráneas. Tamén entraron polos grandes ríos ás chairas rusas e alí asentáronse.

VIDEO SEGUNDAS INVASIÓNS: https://youtu.be/UCN0U9uAGq8?si=n_tMsxQ1ACRMy53f



I. DEBILIDADE DAS MONARQUÍAS

Cara ao ano 1000, o territorio europeo estaba formado por numerosos reinos e Estados independentes. Malia a fragmentación do territorio, e a pesares das diferenzas, existían elementos unificadores:

CRISTIANISMO

COMERCIO

ESTRUTURAS
SOCIAIS

O poder dos reis durante os séculos IX e X era baixo. Dependían dos exércitos privados dos nobres, polo que estableceron lazos persoais cos nobres para asegurar a súa fidelidade. Os reis non tiñan unha capital fixa, senón que viaxaban polo seu reino acompañados dun cortejo de familiares, guerreiros e conselleiros (**CORTE**). Para as tarefas de goberno, deixábanse aconsellar pola **CURIA** ou **CONSELLO REAL**.



4. Nomea os principais reinos que había en Europa arredor do ano 1000.

5. Define: Curia, Corte.

Ata os primeiros anos do século XI, Europa vive en constante medo e inmersa na pobreza. Tralo Tratado de Verdún (843), os sucesores de Carlomagno non podían garantir a seguridade dos seus súbditos, polo que os campesiños buscaron o amparo dos poderosos máis achegados, entregándolle as terras a cambio de protección.



Isto provoca a concentración da maioría das terras nas mans dos nobres, bispos e abades, e adscritos a eles, unha gran masa de homes e mulleres sen propiedades (servos). Esta nova forma de dependencia persoal chámase **FEUDALISMO** que se define como: **réxime político, económico e social predominante en Europa occidental entre os séculos IX e VIII**

A ESTRUCTURA DO FEUDO E DO SEÑORÍO

O FEUDO eran as terras que gobernaban e explotaban os señores feudais a través do traballo dos campesiños.

As terras do feudo organizábanse na reserva señorial e nos mansos:

-A RESERVA SEÑORIAL era a parte directamente explotada polo SEÑOR FEUDAL. Incluía o Castelo, as terras de cultivo, prados e bosques no que os campesiños só podían cazar ou recoller leña con permiso do nobre.

-MANSOS, eran porcións de terra que o señor lles concedía aos campesiños que as traballaban a cambio do pagamento dunha renda, que podía ser en diñeiro, en produtos (tecidos, animais, unha parte da colleita...) ou de servizos persoais, como traballar unha parte do ano de forma gratuíta para o señor.

Os SEÑORES tiñan tamén dereitos de xurisdición sobre os señoríos, impartindo xustiza neles e cobrando impostos. Ademais de pagar polo uso do muíño, forno e o lagar, os comerciantes pagaban por atravesar o feudo (PEAXE), ou cruzar pontes (PONTAXE).

Polo tanto, os señores feudais tiñan o **dominio eminente da terra**, pois era súa, e os campesiños tiñan o **dominio útil** da mesma, é dicir, traballábana.

6. Que era un feudo?

7. Diferenza entre unha RESERVA SEÑORIAL e un MANSO.

III. SOCIEDADE FEUDAL


A sociedade feudal (**SOCIEDADE ESTAMENTAL**) estaba organizada en tres **estamentos** aos que se pertencía por nacemento. Cada un tiña unha función: os nobres facían a guerra, os clérigos ou eclesiásticos rezaban (**estes dous forman os estamentos privilexiados**), e os campesiños e artesáns formaban o **estamento non privilexiado**, e traballaban para alimentar e abastecer aos outros dous estamentos.

Os privilexiados tiñan o poder económico e político, eran donos das terras, se lles reservaban os principais postos administrativos, militares e relixiosos, e non pagaban impostos.

Os non privilexiados non tiñan posibilidade de abandonar o seu estamento, ao que pertencían por nacemento. Traballaban e pagaban impostos.

8. Diferenza entre un privilexiado e non privilexiado.

Pirámide feudal:



A sociedade organizábase xerarquicamente en forma piramidal: na cúspide estaba o Papa, o emperador e os reis.

Nunha orde inferior a nobreza e os clérigos, e na base a maioría da poboación: artesáns, campesiños e servos. Os privilexiados non pagaban impostos e tiñan leis propias.

A orde eclesiástica forma un só corpo, pero a división da sociedade comprende tres ordes. A lei humana, en efecto, distingue outras dúas condicións. O nobre e o non libre non son gobernados por unha lei idéntica.

Os nobres son os guerreiros, os protectores das igrexas. Defenden a todos os homes do pobo, grandes e modestos, e por tal feito protéxense a eles mesmos. A outra clase é a dos non libres. Esta desgraciada raza nada posúe sen sufrimento. Provisións, vestimentas son provistas para todos polos non libres, pois ningún home libre é capaz de vivir sen eles.

Por tanto, a cidade de Deus, que se cre unha soa, está dividida en tres ordes: algúns rogan, outros combaten e outros traballan. Estas tres ordes viven xuntas e non soportarían unha separación. Os servizos dun deles permiten os traballos dos outros dous. Cada un, alternativamente, presta o seu apoio a todos.

En tanto prevaleceu esta lei, o mundo gozou de paz. Na actualidade, as leis debilitáanse e xa desapareceu a paz. Os hábitos dos homes cambian, como cambia tamén a división da sociedade.

ADALBERÓN DE LAON, século XI

9. Enumera os tres estamentos dos que fala Aldaberón de Laon e a súa función na cidade de Deus (no mundo).

10. Consideras a esta sociedade da que fala o clérigo Adalberón unha sociedade desigual? Por que?

11. Quen creou esta sociedade?

12. Que pasaría se esta sociedade se rompese ou se transformase?

A NOBREZA

A **nobreza ou a aristocracia** estaban unidos entre si por lazos de dependencia persoal, é dicir sempre existiría un señor e un vasalo, e este último sería señor de outros vasalos, e así sucesivamente.

Esta unión facíase mediante un contrato verbal ou escrito entre dúas persoas libres, vasalo e señor, e levábase a cabo nunha cerimonia chamada **acto de vasalaxe**.

➡ o vasalo axeonllábase ante o señor e prometíalle fidelidade, obediencia, axuda militar e consello e o señor quedaba obrigado a darlle protección militar e mantemento económico, concedéndolle un castelo e terras para obter rendas (feudo).




O **castelo** era a residencia do señor feudal. Desde alí controlaba o territorio do seu feudo. Tamén era unha fortaleza para a defensa do señor e dos seus vasalos nos momentos difíciles das guerras.

O recinto estaba delimitado por grosas murallas e altas torres. Na parte superior da muralla estaba o adarve por onde vixiaban os defensores; aos seus pes abríase un foso, e para evitalo había unha ponte levadiza cunha reixa.

No interior estaba a principal dependencia que era a torre de homenaxe, residencia do señor, dividida en varias plantas por chans de madeira: alí estaban o salón principal, dormitorios e a capela.

Noutras dependencias había ferrerías, carpinterías, sala para as tropas, almacéns, cortes, fornos, muíños, pozo ou alxibe de auga, cociña, etc.

A vida no castelo xiraba arredor do salón, onde o señor administraba e impartía xustiza, recibía regalos e ofrendas dos seus vasalos e celebraba banquetes que amenizaban os xogares.



Rotula cada número no lugar que lle corresponda no debuxo:

1. Muralla
2. Ameas
3. Camiño de rolda/adarve
4. Torre de vixilancia
5. Ponte levadiza
6. Foso
7. Patio de armas
8. Torre de homenaxe

O CAMPESIÑO

-SERVO: era un campesiño sometido á autoridade do señor. Traballaba gratuitamente as terras da reserva señorial e non podía casar nin abandonar o manso sen o permiso deste. *Entraban en servidume buscando a protección do castelo do nobre ou do mosteiro duna orde relixiosa fronte a ataques como os da segunda vaga de invasións (normandos ou viquingos, maxiases ou húngaros e sarracenos).*

-CAMPESIÑO LIBRE: era un campesiño que traballaba o seu manso e, a cambio, pagaba rendas ao señor. Podía abandonalo, xa que non era un servo, era un individuo libre.

*COMO ERA UNA ALDEA MEDIEVAL?

As aldeas eran pequenas. Ao redor da aldea dispoñíanse os campos de cultivo. As vivendas eran simples e de pequeno tamaño, cunha corte para o gando e un cuarto para a familia, onde se situaba o lume ou lar.

Ao redor da aldea estaban os campos de cultivo: preto das casas había hortas, máis alá, viñedos, oliveirais e campos de cereal e máis lonxe estaba o bosque, de onde os campesiños, se llo permitía o señor, obtiñan froitos, animais, mel...



13. Define: servo, campesiño libre?

II. 4 A IGREXA

Á fronte da Igrexa estaba o papa, que gobernaba os Estados Pontificios. O resto do clero estaba dividido en:

- CLERO SECULAR, formado polos cardeais, os bispos, os arcebispos e os sacerdotes.
- CLERO REGULAR, integrado polos freires, os monxes e as monxas, que vivían en conventos e mosteiros.

A Igrexa na Idade Media tiña unha *GRANDE INFLUENCIA POLÍTICA E ECONÓMICA*, xa que gran parte das terras estaba nas mans dos mosteiros e das catedrais. Ademais, a *RELIXIÓN MARCABA E REGULABA A VIDA COTIÁ*, coas misas diarias, as festividades relixiosas...

Cara ao ano 1000, os dous grandes poderes de Europa eran o Sacro Imperio e o papado. O Sacro Imperio estaba dividido en territorios independentes gobernados por reis e príncipes que acataban a autoridade do emperador. O emperador enfrontábase a miúdo co papa, que tiña pouco poder político, pero podía excomungar a calquera cristián. Se un rei ou o emperador eran excomungados, os seus súbditos quedaban liberados do xuramento de fidelidade.

O MOSTEIRO MEDIEVAL

